

SUBGRUPO A2-TEMA 6-LOFAXGA-GALEGO

TEMA 6- LEI 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

1. A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia ten por obxecto, de acordo co disposto no seu artigo 1:

- a) Regular o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e clasificar as entidades instrumentais do sector público atendendo á división material de funcións.
- b) Regular a organización e o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- c) Regular a organización da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais que exercen potestades administrativas.

2. De acordo co disposto no artigo 1, da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no obxecto da lei recóllese:

- a) A regulación do exercicio da potestade regulamentaria.
- b) A regulación do exercicio de poderes da comunidade autónoma.
- c) O impulso da organización da participación da cidadanía nos asuntos públicos.

3. Segundo o artigo 2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Está integrada por consellerías que actúan con personalidade xurídica única, dirixidas polo Consello da Xunta de Galicia.
- b) Está integrada por consellerías e entidades públicas instrumentais dependentes que desenvolven as funcións que determine a acción de goberno.
- c) Constituída por órganos xerarquicamente ordenados e dirixida pola Xunta de Galicia, actúa con personalidade xurídica única.

4. En base ao artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o sector público autonómico está integrado por outras entidades instrumentais respecto das cales a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Exerce financeiramente unha posición de dominio, e enténdese como tal para estes efectos a participación de forma directa ou indirecta no seu capital superior ao 40 %.
- b) Exerce administrativamente, de forma directa ou indirecta, unha posición de dominio, e enténdese como tal a eses efectos a participación no seu capital superior ao 60 %.
- c) Exerce xuridicamente, de forma directa ou indirecta, unha posición de dominio, e enténdese como tal para estes efectos aquela na que se exerce un control análogo ao dos propios servizos da Administración.

5. De acordo co artigo 4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as potestades e competencias administrativas que teñen atribuídas polo ordenamento xurídico a Administración xeral e as entidades que integran o sector público autonómico determinan:

- a) A súa capacidade de obrar.
- b) A capacidade financeira do sector público autonómico.
- c) As funcións instrumentais das entidades do sector público autonómico.



SUBGRUPO A2-TEMA 6-LOFAXGA-GALEGO

6. De acordo co artigo 5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a competencia dos órganos da Administración xeral da comunidade autónoma:

- a) É irrenunciábel.
- b) É irrenunciábel, salvo nos casos de desconcentración e delegación.
- c) É irrenunciábel, salvo nos casos de desconcentración.

7. De acordo co artigo 5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a titularidade e o exercicio das competencias atribuídas aos órganos administrativos:

- a) Poderán ser delegados noutros xerarquicamente dependentes nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.
- b) Poderán ser encomendados a entidades do sector público autonómico.
- c) Poderán ser desconcentrados noutros xerarquicamente dependentes.

8. De acordo co artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, deberán publicarse no *Diario Oficial de Galicia*:

- a) A delegación de competencias e a súa revogación.
- b) A delegación de competencias e a súa avocación.
- c) A delegación de competencias e a súa avocación ou revogación.

9. De acordo co artigo 7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os órganos da Administración xeral da comunidade autónoma poderán avocar para si o coñecemento dun asunto:

- a) Cuxa resolución corresponda ordinariamente a un órgano administrativo dependente.
- b) Cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación a un órgano administrativo dependente.
- c) Cuxa resolución corresponda por delegación a un órgano administrativo dependente.

10. En base ao artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación coa aprobación de regulamentos:

- a) En ningún caso poderá ser obxecto de delegación.
- b) O Consello da Xunta poderá delegar a súa aprobación nas comisións delegadas que se creen.
- c) Cando se asinen por delegación, farán constar esta circunstancia e consideraranse ditados polo órgano delegante.

11. De acordo co artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os actos e resolucións administrativas ditados por delegación:

- a) Serán revogables en calquera momento polo órgano que conferise a delegación cando haxa circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial que o fagan conveniente.
- b) Consideraranse ditados polo órgano delegante.
- c) Deberán publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

SUBGRUPO A2-TEMA 6-LOFAXGA-GALEGO

12. En base ao artigo 8 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, poderá ser encomendada intrasubxectivamente a outros órganos da mesma Administración ou entidade que a encomendante:

- a) A realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos.
- b) A realización de actividades de carácter material e será responsabilidade do órgano encomendado ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte á concreta actividade material.
- c) A realización de actividades administrativas, con cesión da competencia.

13. En base ao artigo 9 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a encomenda de xestión intersubxectiva articularase:

- a) Mediante resolución do órgano encomendante en todo caso.
- b) Mediante resolución do órgano encomendante, que deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.
- c) Por medio de convenios interadministrativos de colaboración.

14. En base ao artigo 10 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, poderá encargarse a realización de tarefas a outras persoas físicas ou xurídicas de dereito privado que non reúnan a condición de medio propio da Administración ou entidade pública encomendante:

- a) Por medio de convenios, sempre que se respecten os contidos e límites da lexislación básica sobre contratación do sector público.
- b) Por medio de convenios, sempre que se trate de actividades que deban realizarse con suxeición ao dereito administrativo.
- c) Sempre que se respecten os contidos e os límites da lexislación básica sobre convenios e non estean incursas en causas de incompatibilidade.

15. En base ao artigo 11 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a delegación de sinatura:

- a) Non altera a competencia do órgano delegante e para a súa validez será necesaria publicación.
- b) Deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia* e farase constar nas resolucións e actos que se asinen por delegación.
- c) Non caberá nas resolucións de carácter sancionador.

16. En base ao artigo 12 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os titulares dos órganos administrativos poderán ser suplidos temporalmente nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade:

- a) Por quen designe o órgano competente para o nomeamento daqueles.
- b) Polo inferior xerárquico.
- c) Por quen designe a persoa titular da secretaría xeral técnica da consellerías.



SUBGRUPO A2-TEMA 6-LOFAXGA-GALEGO

17. En base ao artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os conflitos de atribucións:

- a) Só se poderán suscitar entre órganos non relacionados xerarquicamente e non caberá en procedementos de carácter sancionador.
- b) Só se poderán suscitar entre órganos non relacionados xerarquicamente cando finalizase o procedemento administrativo.
- c) Só se poderán suscitar entre órganos non relacionados xerarquicamente e respecto de asuntos sobre os cales non finalizase o procedemento administrativo.

18. En base ao artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os conflitos de atribucións entre diferentes consellerías serán resoltos:

- a) Por resolución da consellería con competencias en materia de administracións públicas.
- b) Por acordo asinado conxuntamente polas propias persoas titulares das consellerías afectadas, logo de oídos os interesados no procedemento.
- c) Por acordo asinado conxuntamente polas propias persoas titulares das consellerías afectadas.

19. En base ao artigo 14 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os órganos colexiados das distintas administracións públicas en que participen organizacións representativas de intereses sociais:

- a) Quedarán integrados na Administración pública que corresponda.
- b) Non quedarán integrados na Administración pública que corresponda.
- c) Participarán en todo caso na estrutura xerárquica da Administración pública que corresponda.

20. En base ao artigo 16 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a persoa que exerza a presidencia do órgano colexiado:

- a) Preside as sesións e modera os debates co auxilio do secretario do órgano.
- b) Poderá ser substituído nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade polo vicepresidente, se o houber e, na súa falta, polo membro do órgano de maior idade.
- c) Sempre terá a condición de membro do órgano colexiado.

21. Segundo o disposto no artigo 16 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en cada órgano colexiado correspóndelle á presidenta ou ao presidente:

- a) Desempeñar a representación do órgano, sempre que así se aprobe por maioría cualificada dos membros nos termos que se establezan nos seus estatutos.
- b) Asegurar o cumprimento das leis.
- c) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.



SUBGRUPO A2-TEMA 6-LOFAXGA-GALEGO

22. En base ao artigo 17 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en cada órgano colexiado correspóndelles aos seus membros:

- a) Recibir, cunha antelación mínima de vinte e catro horas, a convocatoria que conteña a orde do día das reunións.
- b) Recibir, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, a convocatoria que conteña a orde do día das reunións.
- c) Recibir, cunha antelación mínima de tres días hábiles, a convocatoria que conteña a orde do día das reunións.

23. En base ao artigo 18 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, correspóndelle á secretaria ou secretario do órgano colexiado:

- a) Asistir ás reunións, con voz e voto.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións do órgano por proposta dos seus membros.
- c) Preparar o despacho dos asuntos e redactar e autorizar as actas das sesións.

24. En base ao artigo 19 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os acordos dos órganos colexiados:

- a) Serán adoptados por maioría simple de votos, salvo que as súas normas específicas prevexan outras maiorías.
- b) Serán adoptados por maioría simple de votos, salvo que na orde do día se dispoña outra maioría para os asuntos que nel se sinalen.
- c) Serán adoptados por maioría simple de votos, salvo que a natureza do asunto aconselle unha maioría cualificada.

25. En base ao artigo 20 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación coas actas dos órganos colexiados, terán dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta:

- a) Calquera membro, sempre que o solicite durante a celebración da sesión ou dentro das vinte e catro horas seguintes.
- b) Calquera membro, sempre que se refira a algún dos puntos da orde do día e achegue no acto, ou no prazo que sinala o presidente, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención.
- c) Calquera membro que discrepe do acordo maioritario.

26. De conformidade co artigo 21 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os órganos colexiados:

- a) Non poderán constituírse nin adoptar acordos utilizando medios electrónicos.
- b) Non poderán constituírse utilizando medios electrónicos, pero poderán adoptar acordos utilizando medios electrónicos sempre que se garanta a dispoñibilidade de medios.
- c) Poderán constituírse e adoptar acordos utilizando medios electrónicos.

SUBGRUPO A2-TEMA 6-LOFAXGA-GALEGO

27. En base ao artigo 22 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os consellos asesores:

- a) Terán carácter interdepartamental e os seus informes non terán carácter vinculante, salvo que así se estableza na súa norma de creación.
- b) Terán carácter departamental e os seus informes non terán carácter vinculante.
- c) Terán carácter departamental ou interdepartamental e os seus informes non terán carácter vinculante, salvo disposición legal en sentido contrario.

28. De acordo co artigo 23 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a creación, modificación e supresión de consellerías:

- a) Será aprobada por decreto da persoa titular da Presidencia da Xunta.
- b) Será aprobada por decreto do Consello da Xunta.
- c) Correspóndelle ao Consello da Xunta, que a aprobará por decreto, a proposta da consellería con competencias en materia de Presidencia.

29. En base ao artigo 26 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, correspóndelles ás secretarías xerais:

- a) Representar a consellería por orde do seu titular.
- b) Coordinar, baixo a dirección da persoa titular da consellería, os programas e actuacións das direccións xerais e entes do sector público adscritos á consellería.
- c) Resolver os recursos interpostos contra as resolucións dos órganos directivos que dependan delas cando non poñan fin á vía administrativa.

30. Segundo o artigo 25 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, son órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) As consellerías, a vicepresidencia ou vicepresidencias, de existir estas, as secretarías xerais e as secretarías xerais técnicas.
- b) As consellerías, as secretarías xerais, as secretarías xerais técnicas e as direccións xerais.
- c) A Presidencia da Xunta de Galicia, as consellerías, a vicepresidencia ou vicepresidencias, de existir estas, e as secretarías xerais.

31. En base ao artigo 25 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, correspóndelles establecer os plans de actuación da organización situada baixo a súa responsabilidade:

- a) Aos órganos superiores.
- b) Aos órganos de dirección.
- c) Ás consellerías, ás secretarías xerais e ás direccións xerais.

SUBGRUPO A2-TEMA 6-LOFAXGA-GALEGO

32. De acordo co artigo 27 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os decretos de estrutura determinarán:

- a) Os distintos órganos superiores, as competencias e as funcións dos órganos que deles dependen e, en particular, dos postos con rango de subdirección xeral.
- b) As competencias e as funcións das unidades administrativas dependentes das subdireccións xerais.
- c) Os distintos órganos de dirección, as competencias e as funcións dos órganos que deles dependen e, en particular, dos postos con rango de subdirección xeral e xefatura de servizo.

33. En base ao artigo 28 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, correspóndelle o nomeamento das persoas titulares das secretarías xerais técnicas, das direccións xerais e das delegacións territoriais:

- a) Á persoa titular da consellería de que dependan.
- b) Ao Consello da Xunta, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia, entre persoas que reúnan os requisitos de solvencia académica, profesional, técnica ou científica que en cada caso sexan necesarios para o desenvolvemento da función.
- c) Ao Consello da Xunta, atendendo á apreciación discrecional da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o posto.

34. En base ao artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a asesoría ou asesorías xurídicas da consellería:

- a) Estarán adscritas orgánica e funcionalmente á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, e figurarán na relación de postos de traballo da Secretaría Xeral Técnica da consellería na que desenvolvan as súas funcións.
- b) Estarán adscritas funcionalmente á consellería na que desenvolvan as súas funcións, e dependerán organicamente da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.
- c) Figurarán adscritas organicamente ás secretarías xerais técnicas, e dependerán funcionalmente da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

35. En base ao artigo 30 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, correspóndelles ás direccións xerais:

- a) Representar a consellería por orde do seu titular.
- b) Resolver os conflitos de atribucións que xurdan entre os órganos dependentes del.
- c) Resolver os recursos interpostos contra as resolucións dos órganos directivos que dependan delas cando non poñan fin á vía administrativa.

36. En base ao artigo 30 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en cada consellería existirán unha ou varias direccións xerais con relación xerárquica:

- a) Directa coa persoa titular da consellería, en todo caso.
- b) Directa coa persoa titular da consellería ou da secretaría xeral, de ser o caso.
- c) Directa coa persoa titular da consellería e figurarán adscritas organicamente á secretaría xeral técnica da consellería.

SUBGRUPO A2-TEMA 6-LOFAXGA-GALEGO

37. En base ao artigo 31 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os delegados territoriais son competentes no seu ámbito territorial para:

- a) Representar a Xunta.
- b) Resolver os recursos interpostos contra as resolucións das xefaturas territoriais e das entidades do sector público autonómico con ámbito territorial igual ao da delegación.
- c) Establecer as xefaturas territoriais en que se estrutura a delegación territorial.

38. En base ao artigo 32 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación coas vicesecretarías xerais:

- a) Dependem xerarquicamente das secretarías xerais, con nivel orgánico de subdirección xeral.
- b) Dependem xerarquicamente das secretarías xerais técnicas, con rango de dirección xeral.
- c) Dependem xerarquicamente da persoa titular da secretaría xeral técnica, con nivel orgánico de subdirección xeral.

39. En base ao artigo 34 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación coas secretarías territoriais:

- a) En cada delegación territorial existirá unha secretaría territorial, baixo a dependencia orgánica e funcional dos delegados territoriais, con nivel orgánico de xefatura de servizo.
- b) En cada delegación territorial, baixo a dependencia orgánica e funcional dos delegados territoriais, existirá unha secretaría territorial con nivel orgánico de subdirección xeral.
- c) En cada delegación territorial, baixo a dependencia funcional dos delegados territoriais, existirá unha xefatura territorial.

40. En base ao artigo 35 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación coas xefaturas territoriais:

- a) En cada delegación territorial existirá unha xefatura territorial, baixo a dependencia orgánica e funcional dos delegados territoriais, con nivel orgánico de xefatura de servizo.
- b) As delegacións territoriais poderán estruturarse en xefaturas territoriais que, sen prexuízo da súa integración nelas para os efectos de coordinación, dependerán orgánica e funcionalmente das consellerías que correspondan por razón da materia.
- c) As delegacións territoriais poderán estruturarse en xefaturas territoriais que dependerán organicamente da delegación á que se adscriben e funcionalmente das consellerías, nos termos que regulamentariamente se establezan.